

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DO “CURSO DE FORMACIÓN EN AUDITORÍA XURÍDICO-LABORAL”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Consello Galego de Relacións Laborais, en xuntanza da Comisión Permanente de data 27 de xaneiro de 2022, acordou a realización do Curso de formación en auditoría xurídico-laboral en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, co obxecto de dar resposta á demanda social de ensinanzas do máis alto nivel no campo das relacións laborais, así como á necesidade de promover, nun mercado que se mostra cada vez máis competitivo, a adaptación das esixencias organizativas das empresas. Preténdese que as persoas participantes encontren neste Curso un lugar de exposición e debate dos requisitos necesarios para a correcta realización dunha auditoría xurídico-laboral, o dominio do seu procedemento e o coñecemento dos contidos substantivos que todo auditor debe dominar. O curso é proposto dende a colaboración de dúas institucións públicas e incorpora a docencia en liña para facilitar a súa realización.

Diríxese o curso ás persoas graduadas ou licenciadas en Dereito, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Ciencias do Traballo, Ciencias económicas e empresariais e Administración e dirección de empresas, ou diplomadas en Relacións Laborais. Persoas responsables de recursos humanos, xefes de relacións laborais, asesores e cadros das organizacións sindicais e empresariais.

Existe converxencia de intereses entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade de Santiago de Compostela en orde á consecución do obxecto referido, polo que se considera necesaria a subscripción dun convenio de colaboración para resolver a concesión directa dunha subvención a esa universidade, conforme ao disposto no artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 37 do seu Regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. O convenio axústase ao disposto no artigo 26. 2 da citada Lei de subvencións de Galicia e ten por obxecto establecer os compromisos aplicables e as condicións polas que se rexerá a colaboración entre as dúas entidades referidas para a realización do CURSO DE FORMACIÓN EN AUDITORÍA XURÍDICO-LABORAL, que se desenvolverá desde o mes de setembro ata o mes de novembro de 2022, na modalidade de teleformación. O período de vixencia do convenio estenderase dende a súa data de sinatura ata o 30 de decembro de 2022.

O Consello Galego de Relacións Laborais financiará con 30€ a matrícula de cada un dos 20 participantes propostos. A cantidade total (600,00€) abonaráselle á Universidade de Santiago de Compostela unha vez rematado o prazo de matrícula, mediante transferencia desde a aplicación orzamentaria 11.B1.324A.444.12. O dito importe será computado á marxe da subvención regulada neste convenio para o funcionamento do curso. Este importe non cobre os prezos públicos por expedición de títulos, que será abonado por cada estudante matriculado.

O Consello Galego de Relacións Laborais contribuirá ao financiamento deste *Curso de formación en auditoría xurídico-laboral* mediante a achega de TRECE MIL CATROCIENTOS EUROS (13.400,00€), con cargo ao capítulo IV do seu orzamento, aplicación orzamentaria 11.B1.324A.444.12, denominada “Subvención á Universidade de Santiago de Compostela para curso formativo”, na que está previsto crédito axeitado e suficiente, segundo certificación expedida pola secretaria xeral do organismo, que se xunta ao convenio como **Anexo II**.

A Secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais

Cristina Fabeiro Varela